

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 17 DE FEBREIRO DE 2009

LICENZAS

FAVORABLES.-

Lic/1041/2008.- Beatriz Martínez Albor.- Vivenda unifamiliar en Mourentán.

Lic/152/2008.- Unika Proyectos Unifamiliares, S. A.- Nave industrial sen uso determinado na parcela nº 24 do SUNP-34 de Boisaca.

Lic/761/2008.- Beatriz Iglesias Peón.- Vivenda unifamiliar na parcela B resultante dunha parcelación urbanística autorizada no lugar de San Silvestre.

Lic/2520/2008.- María del Carmen Platas Garaboa.- Galpón vinculado a explotación agrícola existente sita no Lugar de Vilariño – Busto

Lic/1442/2008.- Amador Luís Mato López.- Vivenda unifamiliar en Marrozos

Lic/494/2008.- Construcciones Ruafer, S. A.- Edificio de tres sotos, baixo, catro plantas altas e baixo cuberta para 17 vivendas, locais, garaxes e trasteiros na parcela R-2 do Polígono 2 do SUP-2 de Cornes.

Lic/19/2009.- Pilar Gloria Pais Casal, representada por Francisco José Barga Pais.- Legalización das obras de substitución da cuberta dun edificio sito na rúa Costa de Santa Isabel nº 15.

Lap/360/2007.- Hermanos Peleteiro Ramos, S. L.- Construción de módulos E, G e H e apertura de ditos módulos destinados a salón de actos, cafetería e tenda, e educación primaria respectivamente do Colexio “Manuel Peleteiro” na finca “Monte Redondo” no lugar de Outeiro.

PARCELACIONES.-

Lic/1482/2008.- María Luísa Lodeiros Blanco.- Parcelación urbanística da parcela nº 474 do Plano Xeral de Concentración Parcelaria de San Félix de Afuera.(+)

PRÓRROGAS.-

Lic/2562/2008.- María Concepción Asorey López.- Edificio de soto, baixo e dúas plantas de piso para dúas vivendas en Monte dos Postes nº 33.

SUBSANACION DE ERRO NO ACORDO DA X.G.L. DE DATA 30 DE SETEMBRO DE 2.008.-

Lic/1384/2007.- INMOBILIARIA DE PUENTES Y CALZADAS, S. L. , representada por D. José María Rodríguez Santalices.- Nave industrial sen uso determinado no Polígono de Costa Vella nº 122

DEVOLUCIONS DE FIANZAS.-

129/09.- Cosbreixo, S. L. Expte. Lic/2140/2002 2.521 €-

136/09.- José Luís Mera Caldelas Expte. Lic/1270/2002 1.623 €-

104/09.- Emilio Díaz Toirán Expte. Lic/2149/20003.606,07 €-

1079/08.- Xunta de Compensación do Polígono 1 do SUP-5 da Choupana.- Correspondente ao 4% do orzamento de execución material da obra da urbanización do ámbito, por importe de 120.739 €.

5 a 27.- Propostas do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os beneficios solicitados.

28.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda e Orzamentos relativa á concesión de exencións nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores,

saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense as oito exencións solicitadas.

29.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á solicitude de subvención.

Acordase solicitar unha subvención á Dirección General de Bellas Artes y Bienes Culturais do Ministerio de Cultura, por un importe de 100.000 euros, para a edición dun produto audiovisual que permitan achegar ao cidadán o proceso de reflexión sobre o espazo público, e a súa presentación nun acto público.

30.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación inicial do proxecto de equidistribución do solo urbanizable non programado número 13 (SUNP-13). Estrada da Estrada.

Acórdase someter o devandito proxecto de equidistribución a información pública, e requirir da Sociedade Cooperativa O Combarro, como condición para a aprobación definitiva do proxecto, que achegue unha descrición individualizada de cada un dos tramos que integran a parcela de viario público resultante.

31.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á recuperación de zonas públicas ocupadas no polígono industrial do Tambre.

Confírmase a desestimación dun recurso de reposición; desestímase a petición de suspensión e confírmase a orde para que, no prazo dun mes dende a notificación, sexa retirada unha explanada pavimentada para servir de aparcamento privado e dun salvacunetas de acceso, así como dunha beirarrúa e de dous postes para a suxección de proxectores e un panel publicitario.

32.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo sobre corrección de erros materiais detectados no Proxecto de compensación do solo urbanizable non programado número 20 (SUNP-20) da Amanecida.

Procédese á rectificación dos erros.

33.- Proposta do concelleiro de Obras e Infraestructuras relativa á designación de arquitecto supervisor das obras do polideportivo de Fontiñas.

Noméase a Tomas Rivas Llaverro como arquitecto municipal responsable da supervisión da devandita obra.

34.- Revisión de prezos do alugueiro de local na rúa Galeras para reubicación das oficinas de Catastro e Censos.

Apróbese a revisión do prezo de alugueiro mensual segundo o IPC (+1,40%), quedando o importe mensual en 797,51 euros.

35.- Adxudicación provisional do servizo de implementación do proxecto municipal de Educación en rúa, a desenvolver no ámbito territorial e social de referencia do Punto de Atención de Servizos Sociais en Fontiñas.

Adxudícase provisionalmente o devandito contrato á empresa ATALAIA SOCIAL, S.L., por un importe de 20.950 euros máis IVE.

36.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á solicitude de subvención á Consellería de Traballo para a realización dunhas xornadas de "Cooperativismo e desenvolvemento local".

Apróbese a solicitude dunha subvención de 6.400 euros e asúmese o compromiso de financiamento para custear a parte non subvencionada pola Consellería de Traballo (1.600 euros).

37.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á interpretación de contrato de asesoramento e colaboración na inspección fiscal dos tributos locais, presentada pola empresa Gestión Tributaria Territorial.

Acórdase que a empresa Gestión Tributaria Territorial S.A. non perciba con posterioridade ao 21 de decembro ningunha cantidade como consecuencia de actuacións realizadas dentro do obxecto do contrato.

38.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación do Campionato de España Sub-20 de seleccións territoriais de fútbol sala.

Apróbase un gasto de 15.000 euros para a organización do devandito Campionato.

39.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación do subministro de combustible de calefacción para os centros educativos dependentes do Concello.

Apróbase un orzamento inicial de 36.000 euros para dar resposta á dotación anual de combustible para o CEIP Apóstolo Santiago, a Escola Infantil de Conxo e a Escola Municipal de Música.

40.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á contratación do servizo de asesoramento e colaboración na inspección fiscal.

Apróbanse os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas e iníciase o expediente para a citada contratación por procedemento aberto, establecéndose un tipo máximo de licitación de 190.000 euros máis IVE e un prazo de execución de 15 meses.

41.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao aboamento de servizos extraordinarios e plus de transporte.

Apróbase o abono de diversas cantidades a persoal municipal por servizos extraordinarios e plus de transporte.

42.- Dar conta da autorización polo MAP do financiamento de diversos proxectos incluídos no Fondo Estatal de Inversión Local.

Dáse conta da autorización para seis proxectos:

- Integración paisaxística do entorno do Camiño Francés na N-634. Orzamento. 310.590 euros máis IVE.
- Rehabilitación e sinalización do Camiño Francés a Santiago. Orzamento: 239.350,59 euros máis IVE.
- Rehabilitación e sinalización do Camiño de Santiago a Fisterra. Orzamento: 312.137,00 euros máis IVE.
- Dotación de acceso a internet a través de rede Wimax nas parroquias de Aríns e Figueiras. Orzamento. 176.757,03 euros máis IVE.
- Reforma e acondicionamento de edificios da Rede de Centros Socioculturais (A Trisca, Conxo, Vite, Amio, Busto, Marantes, Grixoa, Nemenzo, Lamasca). Orzamento: 259.000,00 euros máis IVE.
- Ampliación de abastecemento no lugar de Barciela. Orzamento: 102.335,48 euros máis IVE.

43.- Dar conta do outorgamento pola entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) dunha concesión administrativa a favor do Concello.

Dáse conta da concesión administrativa ao Concello dun inmovible situado no punto quilométrico 371/991 da liña férrea Zamora – A Coruña, co obxecto de facilitar a execución dunha obra de saneamento no devandito lugar.

URXENCIAS

1.- Propostas relativas ao inicio dos expedientes de contratación de diversos proxectos de obras incluídos no Fondo estatal de inversión local.

Apróbanse os pregos e iníciase o expediente de contratación dos seguintes 11 proxectos:

- Rehabilitación e mellora do polideportivo Quiroga Palacios. Orzamento: 296.401,72 euros máis IVE. Prazo de execución: 4 meses.
- Ordenación funcional no núcleo de Canteira (San Lázaro). Orzamento: 893.458,96 máis IVE. Prazo de execución. 8 meses.
- Urbanización da rúa da Raiola. Orzamento: 327.732,01 euros máis IVE. Prazo de execución. 6 meses.
- Proxecto de local para Protección Civil no Estadio de San Lázaro. Orzamento: 306.452,06 euros máis IVE. Prazo de execución: 5 meses.
- Renovación da rede de abastecemento e beirarrúas en Pontepedriña. Orzamento: 456.487,07 euros máis IVE. Prazo de execución: 6 meses.
- Reurbanización de beirarrúas en Meixonfrío. Orzamento: 406.562,86 euros máis IVE. Prazo de execución: 6 meses.
- Reurbanización de beirarrúas nas Cancelas. Orzamento: 603.448,28 euros máis IVE. Prazo de execución: 7 meses.
- Reparación da cuberta dos depósitos da Almáciga. Orzamento: 332.211,92 euros máis IVE. Prazo de execución: 7 meses.
- Substitución da rede de saneamento no ruelleiro de Figueiriñas. Orzamento: 90.764,05 euros máis IVE. Prazo de execución: 4 meses.
- Substitución da rede de abastecemento na rúa Pequena, rúa Grabanxa, rúa Queimada e rúa do Ceo. Orzamento: 143.685,61 máis IVE. Prazo de execución: 4 meses.
- Rehabilitación da rede de saneamento na avenida Rosalía de Castro. Orzamento: 125.060,14 euros máis IVE. Prazo de execución: 3 meses.